

HISTORIA SINTÉTICA
DE GALICIA : POR :
RAMÓN VILLAR PONTE

Año de 1927

Prezo cinco pesetas.



NÓS, Publicacións Galegas e Imprenta, Real, 36 - A CRUÑA

HISTORIA: SINTÉTICA
DE: GALICIA: POR
RAMÓN: VILLAR: PONTE

1927

EDICIÓN: NÓS: A CRUÑA



HISTORIA SINTETICA DE GALICIA

Aos meus, e moi singularmente aos que
levan o meu sangue, pra que lendo istas páxinas
se avive n-eles o imperativo patriótico, o berro
da terra encadeada, e os force a feitos nobres
e asinalados que algún día poidan figuraren nas
galegas historias que aínda terán de s'escri-
biren...

Din qu'a historia é a maestra da vida, y-é de moitos xeitos. A fin de contas, tant'un sabe, canto leva na memoria, e a historia ven sel-a memoria dos pobos. Pra un pobo, a historia ten un valor d'esperencia vivida e un valor de tradición que s'adeprende. D'iste xeito, un pobo cando s'educa, edúcase pol-a historia de seu, y-edúcase pr'a historia universal. O rol, bó ou ruín, qu'ha faguer n-esta, pende en como se teña adonado da sua. Somentes teñen un rol decete na historia universal, os pobos que souberon criar unha cultura de seu, embora a gardaran pra si e non-a impuñeran a outros, com'acontez con moilas das culturas antigas d'Oriente e mais d'América; ises son os pobos criadores; os outros, os que viven da cultura allea, son pobos miméticos, non pertencen ó mundo da verdadeira historia, senón que constitúen o tristeiro mundo provincian e colonial. Non é qu'un pobo criador non poida coller dos outros a parte meramente instrumental da cultura—cencia abstracta e meios técnicos—mais o que propiamente é cultura—as discipriñas humans—háa sacar da sustanza da sua persoalidade tradizoal.

Endexamais perde un pobo a sua persoalidade tradizoal, namentral-a conxugación do ethnos e a gea se non desfaga; mail-a persoalidade pode ser esquecida, pode sei

desbotada da concencia actual das xeracións, pódese perder a consciencia coscente co-a historia, e d'aquela, o pobo incapacitado pra criar, redúcese a un vivir escuro no mundo colonial, vivir inerte e improdúcente, e fica arredado da historia universal. S'un pobo que caeu en tal estado se quer redimir d'il, si se quer reintegrar á historia universal, ten que voltar ás fontes vivas da súa tradición e da súa historia. Ten que ser reeducado por meio da reintegración coscente da súa personalidade. Toda outra educación, tod'outra ensino, ha ser contraproducente: non fará mais qu'afundir mais a aquil pobo no provincialismo.

Ist'é o caso de Galiza. Galiza ten urxentemente que reconquerir a súa personalidade histórica; tense que reeducar, e tense que reeducar por si mesma, fora das aulas, pol-a acción privada dos que queiran sel-os seus educadores espontáneos. Por que Galiza non é educada pra ser, pol-os seus educadores oficiás, os quales, por oficio e por regramento, educana pra ser provincia, e namentras non poida reivindicar os seus instrumentos d'ensino, ten que ser educada no libro, no xornal e na tribuna.

D'eiquí a importancia d'iste libro de Ramón Villar Ponte.

* * *

Iste libro é a primeira historia breve, crara e inteira de Galiza, a primeira Historia de Galiza, dina de tal nome, que s'escribe ad usum populi.

O traballo propiamente histórico achase un pouco detido na nosa Terra. Dende Murguía, e pra moito tempo aínda, perdeuse en Galiza o alento e cecais a esperanza de chegar a escribir d'un romplón tod'a nosa historia, dend'as orixes al'o día d'hoxe. Moitas vegadas se tiña emprendido outrora iste magno labore, sen que ninguén lle dera remate, agás Vicetto, cuia pantestía galgaba leda todol-os valados. Asisadamente, non podemos contar antr'as historias de Galiza a historia de Vicetto, anque por outra banda, non deixa de ser proveitosa a súa leutura. Os outros (o P. Oxeu, o P. Sotelo, Huerta, o P. Seguin, Vereá e Aguiar, Padín, Murguía) detivéronse todos no camiño. D'iles queda pol-o menos, o teren concebido as

cousas en grande. En troques, agora non hai mais que labor monográfico. Con Murguía estínonse antre nós o tipo do historiador, e prevaleceu en troques o tipo d'erudito, o vello tipo dos Sobreira, Cernide e Sarmiento, que vollará aparecer baril con López Ferreiro. Crar está qu'istes ceibanse da pauliña qu'en col dos historiadores galegos botou por eixemplo o P. Atanasio López nos seus Estudios crítico-históricos de Galicia; crar está que mercé os traballos dos eruditos, vaise compondo pouco a pouco a nosa prehistoria (F. L. Cuevillas), a historia da nosa literatura (Oviedo Arce, Cotarelo), da nosa arte medieval (A. del Castillo), da nosa vida económica e social moderna (Pérez Constanti); que se van publicando todol-os documentos dos nosos arquivos (Galicia diplomática, Galicia histórica, Boletín de la Real Academia Gallega, Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense); e qu'a isto compr'engadel-o traballo dos historiadores particulares (Taboada, en col de Vigo; Sampedro, en col de Pontevedra; Mancineira, en col d'Ortigueira, Fernández Alonso, en col d'Ourense; Meruéndano e Samuel Eixán, en col de Ribadavia; Amor Meilán, en col da provincia de Lugo; Couceiro Freixomil, en col de Betanzos, Pontedeume e a Casa d'Andrade; Tellamancy, en col da Cruña; Bóo Pita, en col de Monforte de Lemos; Vaamonde Lores, en col de Gómez Pérez das Mariñas; Castillo, en col de don Munio Pelaes, conde de Monterroso; Couselo Bouzas, en col da guerra Irmandiña; Silva Ferreiro, en col do Voto de Galiza en Cortes; Estrada Cataira, en col da Guerra da Independenza; Tellamancy, en col da Revolución de 1846, e tantos outros, pois cito conforme me vou lembrando).

Mais esto non priva pra que nos cumpra o tipo psicolóxico e a disposición cultural do historiador propiamente dito. A historia de Galiza está por facer. Cumpría un historiador que fose pra nós o que Aleixandre Herculano foi pra Portugal, o que faga da historia a epopeia moderna.

Murguía tivo pra elo todal-as disposicións: tivo a intuición e o senso da historia, ó xeilo do seu tempo, ó xeilo d'un Michelet ou d'un Thierry, cos que tantas vegadas foi posto xustamente en comparanza. Murguía era un romántico, e fixo historia romántica, con toda a sabencia de que poden dispór, e con toda a videnza d'un espírito

lúcido coma poucos; por iso, ond'o dato non chegaba, il adeviñou, e falando dos primeiros tempos, moitas vegadas, por intuición deu no xusto, de maneira que hoxe as descubertas veñen dar razón ó qu'il supuxera. O que lle faltou foi precisamente, o traballo anterior dos outros; falioulle o material depurado sobre que traballar.

Porque, despois de todo, o erudito, o esculcador d'arquivos, o descifrador de manuscritos e de lápidas, o arqueólogo que desenterra cousas vellas, o crítico que depura, restitúe e concorda textos, o catalogador de feitos en papeletas, con múltiples e ben asentadas referenzas, caxque nunca fan outra cousa do que prepararen o material histórico. Despois ten que vir o home de visión sintética, o intuitivo que veña facer falar ás pedras rilladas dos séculos, ás moedas lambidas do tempo, ós pergameus comestos dos anos, e arrincarll'o segredo que gardan. De qu'il deita en col d'elas o seu ollar vidente, as pezas mortas dos Museus collen vida e coma si s'ergueran cheas de sinificación e de senso. O pasado rexurde nas suas maus, ategado ademais de futuro. Coma camd'o paleontólogo por un insinificante resto fósil, descubr'o tipo inteiro d'unha imensa besta, así tamén o historiador, por poucas mostras recostitúe o tipo inteiro d'unha cultura. Mais pra elo non abonda soñar, como Vicetto, debruzado n-un falso cronicón; a historia é ciencia, non é novela, e compre primeiro encherse da erudición miuda, detalle por detalle, sen desprezar ningún, sen refusal-o mais aparentemente ocioso probrema crítico. Dicia Charles Peguy que compre primeiro esgotar a inmensidade do detalle, pra qu'o historiador poida chegar á certeza intuitiva. Logo d'abraguida, o historiador pod' atopar o futuro no pasado, pois hoxe próbase qu'o verdadeiro historiador pode ser profeta.

Hoxe, o noso historiador tería xa que ser moi outra cousa do que foi e do que podeu ser Murguía. Cecais non psicolóxicamente; cecais non precisara outras disposicións innatas; mail-as adequiridas terían que ser trocadas por comprobante. En primeiro termo, teríase que ceibar dos prexuízos característicos do tempo de Murguía: a creenza no progreso, na unicidade da cultura, no poder das ideas, nas leis da historia. Logo compre unha instrución variada e firme, de forte base antropolóxica, etnolóxica e sociolóxica, e un espírito disposto pra a esorreila interpreta-

ción fisiognómica e simbólica dos feitos. Compre por fin verdadeiro alento épico, qu'a tarefa do historiador é veciña da do poeta, no senso antigo e social d'esta verba. Diría eu millor, c'unha verba céltiga: o historiador ten que ser bardo. Non esqueamos que conservas lembranzas históricas era gran parte da misión dos bardos, e que no lonxano Oriente, era a historia unha das ciencias do Santuario.

Mais non podemos agardar a que tal historiador chegue a xurdir, e en todo caso, compre prepararl'o camiño.

Pol'o ñe pronto, é urxente a educación do pobo galego, e hai qu'acabar co-a vergonzá de qu'os galegos descoñezan por comprobante a súa historia. E non-a coñecen, por que nin nas escolas lla adeprenden, nin teñen libros por ond'a-deprendela.

Os galegos poden chegar ós mais altos grados universitarios, sen saberen historia de Galiza. De feito chegan os mais d'iles, sen saberen tan xiquera a da vila en que naceron. Estudan, si, no Instituto, cecais na escola, historia d'España; mais n-esta, as referenzas a Galiza son as mais escasas que se pode, e ademais, aínda en libros de positiva valor, e d'aparente imparcialidade, ou calar ou tiran importancia a canto pode n-algo erguel-o nome da nosa Terra e da nosa Raza, por que preocupados pol-a unidade do estado castelán, queren botar fóra do seu plan, canto poida crebal-a súa perspectiva unitaria d'Alfonso e Fernandos.

É un dos grandes problemas con que tropezan os que quetran educar a Galiza en forma, pra que poida chegar a ser un pobo criador, e non somentes un pobo mimético. É urxente por nas maus do pobo galego os instrumentos que precisa pra a súa autoeducación rexeneradora. E pra elo, moi principalmente, un libro onde poida estudar a súa historia, un libro popular, fáctil, sinxelo, un epitome, onde atope sintetizados os resultados dos traballos feitos até agora. Veletquí o que se propuxo Ramón Villar Ponte.

* * *

O público galego coñece xa a persoalidade de Ramón Villar Ponte, pol-os seus traballos nos xornais, e mais pol-a súa Doctrina Nazonalista. Dend'o comenzo, aparece Ramón Villar Ponte n-un posto, ceais o mais avanzado, nas fias do galeguismo nazonalista, sinalándose por unha ideoloxía pecha, perfectamente organizada, crara e sen volta, afiada e fina com'a follá ispida e cintilante d'unha espada. É un home entregado sen reserva ás súas ideas, e pol-o tanto, nos seus escritos, coma na súa conversa, esencialmente afirmativo, aínda cando nega, e nega moito, e con moita valentía. Ramón Villar Ponte é de cote categórico, apodictico, d'ideas xeométricas, nidamente deseñadas, coma certos teorizantes irlandeses, coma que posee a psicoloxía do Sinn fein. N-outra terra, levaría moita xente atrás de si; eiquí, vive sostido pol-a súa fé e pol-a súa cobiza immorrente de verdade e de xustiza.

A súa Doctrina Nazonalista, escrita en forma catequística de preguntas e respostas, libro a un tempo escolástico e polémico, ten coma mérito mais dino de nota, o xeito notabre con que se pón no punto de vista do nemigo da banda d'enfrente, pra piever total-as obxecións e atallarlle irremediabilmente todol-os camiños. Semella defendida esta doutrina dend'un nó d'ideas do que precisamente ten surtido unha chea d'argumentos en contra d'ela, e d'esta forma, dase o caso feliz de qu'aínda concedendo todo—pois Ramón Villar Ponte fai no seu libro ós nemigos do nazonalismo total-as concesións maxindbeles, concesións aínda do ausurdo, que ninguén faría agás aínda asína, a doutrina sai trunfante d'un xeito que non ten volta. Iste é o valor verdadeiramente grande d'aquél libro do Villar Ponte.

Eiquí, na Historia sintética de Galiza, se non amosra o polemista. É un libro meramente espositivo, onde non hai lugar a porfiar. Restrense os feitos, asegún as mellores fontes, sinxelamente, con orde, con craridade, e veleki está. Mais conserva o mesmo escrupuloso respeito, pol-a verdade, a mesma limpeza mental, a mesma cobiza de xusgar con reuta e imparcial xustiza os homes, os feitos e as ideas, sen partidismo político, nin preconceito filosó-

fico. Achámónos ben lonxe das enumeracións de méritos e servizos dos galegos feitas pol-o P. Pascasio Seguí e pol-os seus demasiados imitadores. Non hai ditirambos, nin eisaxeracións, nin invencións, nin tampouco layos e queixumes. Hai os feitos, hai a historia. Hai esa virtude qu'os modernos chaman ouxetividade.

* * *

Ides leer, pol-o tanto, unha sinxela, unha crara e xusta exposición de feitos, que comprende a vida toda de Galiza, dend'os tempos prehistóricos. Ides atopar, condensado en poucas páxinas, canto hai d'importante espallado en grosos volumes, en coleccións de revistas, en libros esgotados, en manuscritos, en fontes de non doado achádego. En poucas horas de lectura, podeades ollar o desenrolo histórico da nazonalidade galega. Diante dos vosos ollos pasarán o pobo das mámoas e o pobo dos castros; os romanos, d'imperioso xesto e duras armas, o pobo das vias e das termas; logo os suevos e os godos e os seus descendentes, reis e condes da reconquista, o pobo dos castelos e das eirexas e mosteiros; veredes los-tregar as armas d'Almanzor e branquexal-as velas dos normandos; veredes erguel-a revolución comunal e a jacquerie dos irmandiños, e chegará despois o tempo dos pazos e das eirexas barrocas, e pouco e pouco, Galiza irase afundindo na era dos edificios sen estilo, debidos á protección dos ministros e dos deputados... Ollaredes ó pasar grandes figuras dínas de lembranza: héroes, santos, herexes, perlados e reis, poetas e sabios, rebeldes e mártires. Nin todol-os grandes foiron bós nin deixará d'haber outros esquecidos. Cada un tivo na súa hora o seu rol, asegún o seu sino, e unha mesma y-alma lles deu nacencia, aínda ós trabucados e malfeitores.

Pode qu'a lectura d'iste libro vos deixe na y-alma un pouco d'amarguexo; pode qu'atopedes que, dend'o Medulio ó Carral, a historia de Galiza ten menos trunfos e menos glorias que referir do que disgracias e tristuras. É certo, e de ren nos iba servir o qu'o quixéramos tapar e manter oculto e escondido. Compre sabelo, e nas vosas maus está que na nosa futura historia haxa acontecementos mais felices. Eiquí ven a leición da historia com'esperencia

e escarmento, que moito temos por certo de qu'escarmentar.

Mais elo non vos tire a espranza: lembrai cantas vergonzas e asoballamentos tivo qu'aturar o que se chamou Pobo Escolleito de Deus, e lembrai que despois de teren sido escravos no Exipto, conqueriron a Terra Prometida, e viron chegar os días gloriosos de David e de Salomón; e lembrai que despois d'estaren captivos en Babilonia, voltaron de novo erguer o Templo no santo monte de Sion; e lembrai, qu'aínda despois d'espallados pol-o mundo pol-a forza d'unha maldizón divina, son hoxe pouco menos qu'os donos d'Europa.

Aínda agardan á nosa Terra longos días de gloria. S'a queredes acadar, non pechedel-os ouvidos ás verbas dos que vos padrican o voso rexurdimento.

VICENTE RISCO.

Ourense, 1927.

HISTORIA SINTÉTICA da GALIZA

PREHISTORIA I-EDADE ANTIGA

I

EDADE DA PEDRA

Moitas son as hipótesis formuladas encol dos primitivos poboadores da Galiza. Nos *Kjoekkenmoeddingen* — nome danés que significa *restos de cociña* — se acharon as siñaes mais antigas da existencia do home na terra galega. Son os *Kjoekkenmoeddingen* grandes xuntoiros de terra — en castelán coñecidos cō nome de *paraderos* — nos que se atopan restos de unha poboación primitiva consistentes en cunchas de mariscos, espiñas de peixes, osos, etc., e entre os que se ollan ouxetos de pedra. O Sr. Murguía fala do achádego de dous de taes depósitos na ría de Arousa — un con osos humanos — que se non puideron estudaren. O Sr. Amor Meilán cita outro situado na costa da ría de Foz.

Pertencendo os *Kjoekkenmoeddingen* — moi abundosos en todo o W da Europa — a unha época preneolítica,

que unhos chaman *epipaleolítica* e outros *mesolítica*, n-ela xeneralmente se pon a existencia dos primeiros homes da Galiza.

Como testemuos da época neolítica no país noso existen vestixios de palafitos — cuia lembranza a tradición popular ven conservando nas lendas das vilas asolagadas e, ao decire de Frankonki, aínda cicais a supervivenza no xeito de construción dos piornos — muíños de man e mámoas de incineración con utillaxe de pedra tallada e pulida.

II

EDADE DO BRONCE

É relativamente abundoso o material que de esta idade se atopou na Galiza. De modo principal consiste en machados de talón e machados pranos, eisé como puñaes triangulares. Moitas das numerosas xoias de ouro que se teñen atopado se non pode percisare ben a idade á que corresponden, podendo tanto pertenceren á ista como á seguinte, ou sexa á do ferro.

Cós moimentos megalíticos tamén ocorre que a súa cronoloxía é algo imprecisa, pois moi ben se poden crasificaren dentro de ista idade ou dentro da denanterior: a da pedra. Con taes moimentos ocorre, asemade, que a súa autenticidá soio é segura rigurosamente — e faguendo excepción das mámoas — en dous ou tres *cromlechs* e algún altar natural, anque fique na toponimia a lembranza abundosa dos *menhires*.

Non hai seguranza tampouco pra incruire dentro da Edade do Bronce ou da do Ferro, ás primeiras novas históricas que fan referencia á poboación galega. Emporiso, d'elas parece deducirse que os primeiros habitantes históricos da nosa terra foron os *ligures*, cuio orixen é incerto i-escuro de abondo, non cabendo dúbida, asegún asíñalan as escualcacións i-esbigoaduras modernas, que tal pobo ven a estare espallado por todo o W. d'Europa, ocupando eisé o territorio galego, en cuia posesión precedeu ao pobo celta.

Inda que fallas de craridade, se conservan na Galiza algunhas toponimias ligures.

III

EDADE DO FERRO

OS CELTAS

A arqueoloxía asíñala na Galiza unha civilización correspondente á chamada Edade do Ferro, verdadeiramente definida e crasificada: é a *civilización dos Castros*.

Os castros eran recintos fortificados que se construían nos cumes dos montes e cuia figura era circular ou elíptica, estando contorneados xa por un sinxelo parapeto, ou xa por un parapeto dobre ou aínda triple. O seu destino, seguramente, sería serviren de acochamento ou refuxio en caso de guerra, como os *dun* irlandeses e moitos dos *oppida* galos, inda qu'eisistiron tamén castros nos que decotío moraba xente.

A mesma civilización e á mesma época pertencen as *citanias*, qu'eran poboacións amuralladas nas que as casas compoñentes son circulares. As citanias mais notables son as do monte de Santa Tecla e do Castro de San Ciprián de Lás na nosa terra, e as de Briteiros e Sabroso no Portugal.

Asegún Vicente Risco «a civilización do castro presenta unha evolución indixena dos tipos do Hallstatt centro europeo i-é debida ao pobo que aínda hoxe constituie o fondo da poboación galega, o pobo celta».

.

O pobo celta é un pobo de raza e língoa indo-europea, que asegún as mais das opinións tivo o seu punto de orixen nas ribeiras do mar Báltico. Parece sere que iste pobo s'espallou pol-o centro e sul da Europa chegando á invadire á península a que pertencesce a Galiza e lindando por se afixare de un modo permanente na terra galega. O

tempo do arribo do pobo celta ao territorio peninsuar, e por ende ao galego, se descoñece, pois si a maoría dos historiadores afincándose en que Hesiodo non fala de él din que non puido chegar eiquí denantes do século VI (a X. C.), en troques hai que ter en conta que si a verba *Kassiteros* — coa que gregos e fenicios desñaban ao estaño dende tempos atrais fose de procedenza celta, estonces tería que adimítese como cousa segura que os celtas apareceron na Galiza en tempo moito mais recuado.

Baixo o nome de *Gaefes* son desñados os celtas galegos na fonte antiga en que o xeógrafo romano Rufo Festo Avieno ven a se inspirare. Strabón lles dona os nomes de *Celtici* e *Callaici*. E Pomponio Mela da como colonizada por celtas á toda a Galiza, dende o Douro até os lindeiros dos Astures.

A ocupación da Galiza pol-os celtas foi non soio total sinón tamén duradeira até adiquirire os caracteres de definitiva. O número dos primeiros ocupadores celtas axiña ven a se acrecentare coa chegada dos que, eispulsados pol-os íberos do centro da península, tiveron que se refuxaren na terra galega e no Algarbe. A proba mais concruinte da efectividade na posesión da Galiza pol-os celtas se atopa nos influxos marcados que encol d'ela exerceron e cujos influxos, por afincados e fortes, se non puideron esvairen, amostrándose na fala, no modo de sere, nos costumes, nos caracteres étnicos e sociaes, etc. etc.

A poboación celta se achaba constituída en tribus das que as principaes, escomenzando pol-o N. e indo do E. ao W., eran as seguintes:

Os Artabros, arredor do gran golfo chamado *Portus Magnus Artabrorum*, onde se achaban as vilas de *Ardo- briga* (Ferrol), *Brigantia* (Betanzos) e *Farum Brigantium* (A Cruña). Aos Artabros pertencía *Claudiominum*. Asegún Pomponio Mela, os artabros chegaban deica os astures e n-iste caso sería tamén d'eles *Mindonium* (Mondofe- do). Murguía os fai chegare ao Támara (Tambre) e cita a tribu dos Brigantinos nas Mariñas, da que tamén fala Mela.

Os Nerios, dos que falan Strabón, Plinio e Mela, estaban ollando ao *Promontorium Nerium* (Finsterra).

Os Tamáricos, antre os ríos Sar e Támara (Tambre). A súa capital era *Nocla* (Noia, cicais).

Os Coeporos, chegaban dende *Lucus* a Iria, asegún Ptolomeu. Tiñan por capital a *Lucus*.

En Viveiro, os Boedios, que tiñan por capital a *Lam- briga*, e perto d'eles os *Egovarcos*, os *Kybarcos* e os *Ya- dones*.

No val de Lemos, os Lemavos, cuia capital era *Doc- tonium*.

Na costa, ao S. dos Tamáricos, estaban os *Spaios*, tri- bu pequena que só tiña a *Vicus*, e os *grovios* con *Tyde* (Tui) por capital. Plinio fai mención n-iste país de tribus dubidosas, como os *Cilenos*, que ten semellas de un nome posterior.

Viñan logo as tribus montañesas como os *Surbos* do Cebreiro, os *Siguos* de Valdeorras, os *Tiburos* ou *Tri- vios* de Trives, que tiñan por capital a *Nemetóbriga*, os *Ne- metanos* de Viana, coá vila de *Vorobriga*. E nos vales do Miño, do Limia, e do Tamega os *Turodoros*, os *Límicos* e os *Tameganos* e os *Olquerios*. Aínda se citan os *Rerkemios* nas montañas de Bande, os *Orbisocios*, os *Bibalos*, os *Nar- varos* e os *Lubenios*.

Dos celtas se sabe qu'eran principalmente labregos e gandeiros, adicándose tamén ás artes da pesca, moi abun- dosa decote nos mares galegos; que sendo moi numerosos a súa poboación se achaba espallada en pequenos cen- tros ruraes, sin chegare nunca a constituiren, como outros pobos, grandes agrupacións ou xuntanzas urbanas. Viñan a estaren constituídos en pequenos Estados dirixidos e go- bernados de xeito moi difrente e qu'en caso de perigo ou común ameaza se axuntaban formando como confedeira- cións que, unha vegada pasada o perigo, ou ficaban en pe, tomando o carácter de algo permanente, ou ben se desfaguían pra tornare cada pequeno Estado — cada tribu — á súa vida autónoma que se non voltaba a crebare sinón can- do un novo perigo, por exemplo unha invasión eistranxei- ra, andaba a ameazare.

A sociedade celta se achaba dividida en crases. De is- tas a principal era a dos *druidas* — a crase de mais outura intelectual — que viñan sendo a xeito de sacerdotes e mes- tres ao mesmo tempo, donos dos mais fondos e meirandes coñecimentos, que por tal circunstancia desempeñaban va-

riadas funcións, antre as que figuraban as relixiosas, de adeprendimento da mocidade distinta e aínda cicais determinadas funcións de xustiza. Tamén tiñan grande importancia os *bardos* ou cantores dos grandes e relevantes factos e figuras do pobo celta. Asemade, outra cras importante e distinta era a dos *ovatos*, encargados das labouras materiaes que o culto eisixía e que, pol-o mesmo, eran algo eisí como sacerdotes de non tan outa categoría como os druidas, que a seu carácter relixioso axuntaban o de sabios e iniciados nas difíciles artes da adiviñación e os augures.

A relixión dos celtas é posíbel que fose un panteísmo naturalista. Non tiñan tempos nin representacións antropomorfas nin zoomorfas de deuses denantes da dominación romana. Os seus sitios de oración e recollimento eran certos lugares chamados por tal circunstancia *sagros* — os bosques, principalmente — nos que tiñan lugar os exercizos do culto: sagrefizos — ás vegadas humans — danzas litúrxicas, libacións de ritual, etc., etc. Consideraban os celtas como árbore sagro á enciña e rendían adouración ás fontes, regachos, grandes penedos, diferentes crases de árbores, etc., o qu'espriça en certo senso o seu fondo amore á natureza, á terra, e a sua grande compenetración con ela, circunstancias determinantes todas do rexo sentimento de independenxa e rebeldía que decote andivo a latexare nos celtas e nos seus herdeiros e sucesores.

IV

OS VIAXES DOS POBOS MEDITERRÁNEOS

A presenza dos fenicios e mais dos gregos nas costas da Galiza, perante diferentes vegadas, é un feito indubidabel. En canto aos primeiros, tiveron de arribaren nās suas adoitadas esculcacións comerciaes en demanda do estano até as illas Kassitérides, que son as da costa W. da Galiza d'end'a punta de Santa Tecla ao cabo Finsterra. A falla de datos suficientes impide coñecere con seguranza si os fenicios tiveron no noso país colonias permanentes. Certos datos como a lenda d'Ércules, a fundación do Faro Brigantino e mais os achádegos de construción de portos e

factorías — que moi ben puideran seren indíxenas — non son de abondo pra afirmalo.

Pol-o que fai referencia aos gregos, se non pode afirmarc tampouco qu'eiquí tiveron estabrecidas colonias permanentes, sendo o único fundamento pra sostelo as lēndas relatadas por Asclepiades de Myrelea e por Trogo Pompeyo. Emporiço, é moi digno de se tere en conta o feito de que as novas mais antigas referentes á Galiza — que son as recollidas por Rufo Ferto Avieno — se deben a un periplo grego, que até fai pouco veuse atribuíndo ao cartaxinés Himilcon.

En canto aos cartaxinēses, inda que dominaron en gran parte da Península ibérica, endexamais chegaron á Galicia coās suas eispedicións e; pol-o mesmo, cō seu dominio.

V

A INVASIÓN ROMANA

Dende que os romanos puxeron o seu pe no territorio ibérico tiveron que afrontar os repetidos lévántamentos dos naturaes dos diversos países peninsulares. Antre taes levántamentos destacan os que, perante unha non curta xeira, se viñeron realizando na parte occidental da Península e que se coñecen hoxe baixo a común denominación de Guerras Viriáticas, do nome do seu caudillo o soado Viriato. É moi posíbel que celtas galegos fosen participar en taes guerras, mais de tal participación non eisisten comprobantes.

Sen dúbida ningunha se pode afirmarc que os primeiros romanos que triparon o galego chan — pol-o menos de un xeito efectivo — foron os soldados que mandaba Décimo Xunio Bruto. Iste xeneral, no ano 137 denantes de X. C., chegou ás riveiras do río Lethes — hoxe chamado río Lumia — e se decidiu ao paso do mesmo, cousa que aínda non fixera ningún outro xeneral romano, sen tere pra nada en conta a lēnda relacionada cō río devandito pol-a que se aseguraba que o que tiña o afuzamento de pasare o Limia pra o N. esquecía a sua vida denanteriore. Con iste paso, pois, se pode afirmarc qu'escomeza a actuación romana na Galiza xa que até estonces a citada co-

rrente de auga viñera sendo como un balado infranqueábel no que todol-os avances de invasores cobizosos ficaran detidos. É posible que na decisión do romano ao paso do río Limia, contribuíse en gran parte o degaro de coñecere a verdade das lèndas que da Galiza se contaban.

Dimpois de internado na terra galega Décimo Xunio Bruto, e sen deixare endexamais de procedere con gran prudenza, conseguiu sometere de momento a Galiza, em presa pol-a que foi premiado cō título do Gallaicō e cūo premio denota a importancia qu'en Roma se deu a tal sometimento.

Sosténse por algunchos autores que o soado Xulio César combateu na Galiza, denantes, craro está, do seu erguemento ao posto superior de Roma. Tal feito se acha moi lonxe de poderse dare como seguro, e as versións qu'encol d'il se teñen dado son moi encontradas.

De todol-os feitos a destacaren nos tempos da invasión romana na Galiza, se deduce que os galegos mantiveron a súa rebeldía perante unha longa xeira, que ven a rematarse coás guerras Cántabras, e das que o episodio derradeiro foi a soada epopeia do monte Medulio.

As devanditas guerras foron sostidas pol-os galegos axuntados en estreita alianza cōs cántabros e mais cōs astures e tiveron o seu escomezo na época en que Octavio Augusto empuñaba o cetro imperial, exercendo a dirección dos exércitos romanos os legados augustales Antistio e Fismio.

A resistencia oposta pol-os galegos e os seus aliados ás lexións de Octavio Augusto, foi rexa e xúrdia; mais asoballados pol-á superioridade numérica e de recursos do cnemigo, os heróicos galegos tiveron que se iren repregando car'á terra cando xa se ollaban impotentes pra sostérerse resistindo ás forzas invasoras, buscando estonces refuxo no Monte Medulio (1) situado na veira do río Miño sendo perseguidos até ali pol-as lexións romanas que se non arriscando a acometelos de fronte decidiron rendilos pol-a fame, arrodeándoos con tal fin de atrincheiramentos e estabrecendo un moi forte e rexo asedio. Decatadol-os galegos dos propósitos do enemigo, e preferindo a morte á escravitude, decidiron matáranse os unhos aos outros,

(1) De il di Orosio: «nam et Medullum montem Miño flumini imminentem».

põndo eisí, ao dare efectividade a tal decisión, un ergueito e digno coroamento á xúrdia valentía con que viñeran defendendo a independenza patria.

VI

A DOMINACIÓN ROMANA

Nos tempos de Octavio Augusto — como denanteriormente fica apuntado — escomeza a dominación romana na Galiza. Hai unha non pequena serie de feitos diversos que obriga a pensare con todo fundamento como o intertroque de relacións, costumes, vencellos de familiaridade, etcétera, que adoita a faguerse antre todol-os pobos que se poñen en contacto, debeu de sere cáseque rudo antre galegos e romanos nas primeiras xeiras da dominación de estes. A tal serie pertenescen, antre outros moitos que se poideran citaren como amostrativos do escaso que debeu sere a romanización galega nos primeiros tempos do conquerimento, os feitos seguintes: o número reducido de lápidas que faguendo referencia a usos dos nosos compatriotas ou amostrando os seus nomes — os nomes indixenas — se levan atopado ou se atopan ainda pol-a Galiza adiante; o moi significativo detalle de se tere conservado a división étnica por tribus ou xentilidades, cousa que non sucedeu no resto da Península, na que as divisións antigas foron trocándose moi de prèsa pol-as que os fillos de Roma impuxeran; a ineisistencia da moeda da República e as poucas autónomas que se atopan; a eisistencia, somentes, de tres colonias romanas — *Lucus*, *Bracara* e *Astúrica* — en todo o territorio galego, cando nas mesmas circunstancias outros territorios peninsulares, nos que a romanización era fonda, contaban con maior número; derradeiramente, antramentras que naturaes de total-as terras da Península, en maior ou menor número, sonan e figuran na Historia romana, os galegos non escomezan a figuraren n-ela siñon cando xa os días do Imperio eran numerosos e iste pasaba, con moito, dos seus primeiros tempos.

A romanización efectiva da Galiza, que por lei natural tiña de sucedere xa que o pobo conqueridor se achaba en posesión de unha cultura moi superior ao do conquerido, se non realiza con toda seguranza até a época en que

a doutrina cristiana s'espalla pol-a terra galega abranguendo n-ela numerosos adeptos. A tal romanización contribuiría de un xeito especial o clero pol-a súa educación latina axuntada ao gran predicamento que tiña entre o pobo e, moi singularmente, entre o pobo humilde que pol-as novas crênzas era dignificado i-ergueito. Eisi, de iste xeito, a Galiza ven a se trocare n-un país romanizado no senso cultural si ben manténdose choído ás influencias eistranas no que topa ao demais.

A innegabel resistencia da Galiza a deixárese romanizarse, pese á gran superioridade da civilización latina encol da indixena, revela o arredamento qu'eisisteu perante moito tempo entre conqueridores e galegos, circunstanza que por outra parte amostra como a dominación dos fillos de Roma na Galiza tivo de se manifestare cáseque n-eiscrusivo nos puntos estratéxicos ou de outa importancia militar, ficando o resto do país n-unha situación de libertade relativa.

VII

O CRISTIANISMO

Cando dimpois da morte do Salvador do mundo os seus discípulos s'espallaron por difrentes países pra sementaren a Boa Nova por total-as terras dise—i-eisi coinciden en sostelo gran número d'esquirotes— que o apóstol Sant-Iago s'embarcou car'a Península disposto a faguer froitificare n-ela a pranta vizosa e xúrdia da verdadeira doutrina pol-a que os homes, adiquirindo iguaes dereitos e deberes, viñan a trocárense en irmáns sen preferenzas nen categorías. O punto do seu desembarque tivo de sere nas costas mediterráneas dende as que, sen abandoare endexa-mais a súa tarefa apostólica, chegaría ao chan patrio xa dimpois de percorrere a Bética e mail-a Lusitania, ou xa percorrendo as terras do Septentrión pra findar por se internare na Galiza. O número de discípulos que acompañaban a Sant-Iago nas súas predicacións apostólicas se descoñece; o único que se pode afirmare é que tivo discípulos e que si algunhos o acompañaban cando fixo o viaxe dende o Asia Menor, moitos mais iban no seguimento do Apóstol cando cō seu sagro pe tripaba a terra galega.

A estada de Sant-Iago na Galiza debeu de sere relativamente longa. A tradición parece confirmalo. Perante tal estada o Santo Apóstol percorreu a bon seguro todo o territorio galaico no que o froito das predicacións foi xúrdio indubidabelmentes, pois eisi parcen confirmalo os sucesos que con posterioridade, pro moi axiña, ocorreron. Ademais, o feito do martirio e morte de Sant-Iago nas terras de Ourense e o feito da traslación dos restos venerábeis á Galiza, que os discípulos levaran á cabo, veñen a indicar que a resolución de istes, non sería tomada si eles, coñecedores como é de supór dos íntimos desexos e das meirandes arelas e degoiros do seu Mestre, non coidasen interpretar con fidelidade a súa vountade faguendo que o santo corpo acougara eternamente na terra que, cicais pol-a acollida que n-ela tería perante a súa vida o Santo Apóstol, sería consideirada por Sant-Iago como unha segunda patria, otorgándolle dende estonces a súa benfeitosa protección e o seu paternal agarimo.

A falla de documentos referentes aos tempos da predicación do cristianismo na Galiza obriga a que se non poida afirmare nada en concreto, con verdadeira seguranza. Mais, emporiso, hai sucesos dos que, aínda sen os documentos corroboradores e amostrativos, se pode afirmare a eistencia pol-as deducións e consecuencias que de feitos algo relazonados con aquiles pode faguere o tratadista ou esculcador. Eisi, pois, non é afuzado nen lixeiro afirmare que as persecucións romanas contra o cristianismo tiveron o seu eco na Galiza, correndo abundoso o sangue dos Mártires e sendo moi grande o número dos que deron a vida denantes que arrenegare das verdadeiras crênzas, trocándose eisi en merescedores da coroa da santidad.

Unha amostración do afincamento que o cristianismo debía tere na Galiza é o número relativamente importante d'heresiarcas que d'ela saíron e a considerabel puxanza que a doutrina priscilianista, moi principalme entre outras chegou a abranguere. N-efecto, de se non achare moi espallada a doutrina verdadeira, se non concibiría a eistencia d'heresiarcas e modificadores da mesma, tal eistencia ven a sere unha derivación do espallamento abranguido pol-a doutrina á cuia reforma s'encamiña a herexia.

Por outra parte, a importancia que chegou a abranguere

guere a herexia nada na Galiza e as controversias e vivas polémicas a qu'ela deu orixen, asegún se deduz dos autores que se ocuparon da custión, ofrécense como comprobantes do ergueito nivel intelectual abranguido pol-a nosa patria, no período en que o borreante poderío romano escomenzaba a s'esvaíre. Ao mesmo tempo, indicio craro da elevación de tal nivel é o número moi importante, pol-a cantidade e pol-a calidade, de figuras que da Galiza saíron estonces. I-eisí, dende un emperador, Teodosio o Grande, até un Papa, San Dámaso, pasando por heresiarcas de capital importancia, historiadores, poetas, etc., a patria galega puido enorgulecérese de tere contribuído como a que mais ao enriquecemento do patrimonio cultural do mundo.

VIII.

A HEREXÍA NA GALIZA

O PRISCILIANISMO

As mais recentes esculcacións i-estudos feitos encol do priscilianismo, a soada herexia que tan fundamente alporizou as concenzas non soio da Galiza sinón tamén de outras terras peninsuares, converxen, asegún parece, n-un punto: o priscilianismo era no seu orixen a propia doutrina de gnósticos e maniqueos amoldada e conformada logo pol-as particularidades e notas típicas, singulares, que a mentalidade galega lle imprimiu e coas que ven a se revelar a forte persoalidade dos fillos da Galiza que eisí trocan as doutrinas devanditas en algo propio, verdadeira creación do xenio nazonal galego.

O gnosticismo era unha doutrina filosófica e relixiosa que xurdeu nos primeiros tempos da Igrexa; ista doutrina pertendendo tere un coñecimento recibido por fonda intuición e choído misterio das principaes cousas divinas, mesturaba principios cristiáns con creacións xudaicas e orientaes, constituindo un místico i-especial credo relixioso que ao camiñare do tempo se dividiu en varias sectas.

Derivación de gnosticismo debía sere o Maniqueísmo, nova modalidade filosófica e aínda relixiosa creada por (Maniqueo) e da que, en xuntanza cō gnosticismo, se pode

decire que arrincou Prisciliano a súa doutrina tan chamada a afincarse no pobo galego.

Parce seguro que o gnosticismo fose traguido á Galiza por un tal Marco, que procedía do Exipto, e que tivo como primeiros e mais soados discípulos na terra galega a unha muller e a un home cuos nomes eran Agape y Elpidio, e aos que, con fundamento de abondo, se atribúe a iniciación de Prisciliano nos segredos de tal doutrina.

Unha vegada iniciado n-ela Prisciliano non tardou, cō seu poderoso e indiscutibel xenio creador en faguere d'ela, previo arranxamento, algo persoal, verdadeira e lexítima creación súa, ou sexa o que hoxe se ven coñecendo cō nome de herexia priscilianista.

Ista herexia viña a consistire en síntesis n-unha mestura dos principios cristiáns con prácticas e teorías de astroloxía e maxia. O Priscilianismo admitía a eistencia de dous principios — eiquí óllase unha coincidencia coás relixións orientaes — un do ben e outro do mal, sendo iste o orixen do mundo eisterior, do mundo físico; imponía aos seus seguidorés unhas especiaes normas moraes con tendencia ao ascetismo, condenando o matrimonio i-estabrecendo a igoaldade da condición intelectual antre homes e mulleres e prescribíndolles, pol-o mesmo, análogos deberes e obrigas, o qu'eisprica o entusiasmo con que numerosas mulleres abrazaron a doutrina do heresiarca; negaba a resurrección eisi como tamén que o Verbo Divino houbera tomado carne, cō que fica dito que non admitían a natureza divina de Cristo; o priscilianismo tamén establecía o dereito de crítica e libre interpretación dos sagros Textos, por cuia circunstanza ven a presentársenos como un precursor, en moitos séculos, do libre ensámen, fundamento da reforma relixiosa que nos tempos modernos levou a cabo o monxe xermano Martín Lutero.

A herexia de Prisciliano, pol-a que se afincaron na Galiza e dimpois nas outras terras peninsuares moitas prácticas e manifestacións de ourentalismo, abrangueu un súpeto e grande desenrolo dentro da patria, desenrolo que, pol-a súa intensidade, findou por ultrapasare as fronteiras, eistendéndose pol-as demais terras do territorio ibérico. Unha proba da importancia e afincamento que o Priscilianismo chegou a abranguer, é a eistencia de algunhos bispos heresiarcas, os cales foron escomulgados por un

Concilio axuntado en Zaragoza no ano 380. O mesmo Prisciliano fora nomeado bispo de Avila; asegun manifesta o ilustre bispo galego e historiador Idacio no seu cronicón, pol-a xuntanza de bispos que seguían as súas doutrinas. Isto dá idea do gran espallamento abranguido pol-a herexia priscilianista dentro da Península.

Prisciliano, ao decire do cronista devandito, dimpois de ollare xuzgada e condenada severamente a súa doutrina por algunchos concilios axuntados na Península decidiu, coidando atopare acollemento, emprender un viaxe a Roma, viaxe que axiña realizou e cuxo viaxe foi un fracaso comreto prá o mesmo, xa que o Pontífice se negou a recibilo e por cúa razón Prisciliano non tardou en voltare prá's Galias, onde novamentes foi condenado por San Martín de Tours e por outros bispos. Estonces Prisciliano apelou ao César — sigue a referencia de Idacio — que por aquil tempo dominaba nas Galias soiamentes, porque xa escomezara a esnaquización do Imperio romano, e o César, qu'era o tirano Máximo, ordeou que o xuzgasen os tribuaes encárregados de adimistraren xustiza, como eisi o fixeron, condeando ao heresiarca por perturbador da pública tranquilidade e corruptor dos costumes á pena de decapitación, pena que se levou á remate na praza pública de Tréveris non soio cõ soado heresiarca galego sinõn tamén con algunchos dos seus mais importantes seguidores. Eisi, de iste xeito, se findou a eisistencia de ista figura intresantísima da Historia galega e da que sen dúbida algunha se pode afirmare que foi a mais ergueita e distinta do pensamento heterodoxo penínsuar.

Dimpois da morte de Prisciliano as súas doutrinas lonxe de s'esvairen semellou como si cobrasen novos e mais rexos folgos, afincándose fortesmentes na entrana da Galiza. Isto eisprica a loita escura, silenzosa, pro abafante i-heróica, que as meirandes mentalidades galegas e cristianas d'estonces como Idacio e outros — antre istes destaca a intresante figura do monxe galego Maquiario, qu'esquirbeu contra do heresiarca dous opúsculos de controversia e refutación — viñeron sostendo perante sucesivas xeiras pra desenraizaren a mala semente xermolada no chan da patria. Emporiso o Priscilianismo sigueu ateigado de relativa puxanza por algún tempo, i-eisi se amostraba ainda cando coá invasión das xentes do Septentrion na Península ibérica,

e pol-o tanto na Galiza, unha nova doutrina — o arrianismo — veu a compartire coá tan afincada i-espallada de Prisciliano a posesión das concenzas galegas, si ben nontardou en orixinárese a refundición das duas n-unha soa, findando por prevaleocere somentes a de Arrio.

IX

O FIN DA EDADE ANTIGA

Denantes de que Prisciliano estivese en condicións d'escomenzare as propagandas heréticas que tan fonda axitación e desacougo produciron nos cibdadans galegos, o solio imperial romano fora ocupado por un galego escraecido, o soado emperador Teodosio — século IV de X. C. — cuxo goberno se caracteriza pol-o acertado e prudente, eisi como pol-o outo grado de prosperidade material abranguido en todol-os países imperiaes e no que tanta participación tivo a Galiza.

Dimpois do emperador galego Teodosio (1) é cando, reialmente, o derrumbe do Imperio Romano, xa iniciado denantes do referido mandato imperial e contido perante el, escomezou a faguérese súpeto e definitivo. Os bárbaros xentes do Norte arelantes de s'estabrescere nos territorios meridionaes por coidalos superiores a aqueles en que andaban a vexetaren pobrementes, xa tencionaran en difrentes ocasións invadiren os dominios imperiaes, sendo traballosamente rechazados. Mail-a acentuada debilidade, cada vegada mais crecente, que se foi apodeirando do imperio, fixo que a resistencia disminuira, o que deu por resultado a realización do desborde das xentes do Norte que, como unha invasión de augas alporizadas e guindadoras de todo o que se puidera opóre ao seu paso, cairon encol do que xa somentes era unha esvaída soma do pasado, levando a todas partes os seus berros de trunfo e as siñaes indelébeis, como feitas a ferro e a fogo, do seu paso abafador.

I-eisi findou o Imperio Romano. I-eisi por tal ciscunstanza os pobos, até estonces provincias do Imperio, que mais arredados se achaban dos pirmeiros países invadidos,

(1) Idacio no seu Cronicón di qu'era natural da cibdá de Cauca, na provincia da Galiza.

ficaron ceibes, sen o sometimento a ningunha determinada soberanía, si ben ista liberdade axiña foi trocada pol-a nova tiranía que os bárbaros vencedores imponían a todos os países que as patas dos seus cabalos iban achando.

Ista foi a sorte que a Galiza, ao igual das outras nacionalidades ibéricas, veu a seguire cando os fillos do Septentrión ultrapasaron as suas fronteiras, dando fin con iste feito á chamada Edade Antiga e iniciándose eisi os tempos medioevaes ou sexan aqueles en que s'escomeza a Edade Media.